

NOTA DE PRENSA

"A Esmorga" proxección do fil e posterior coloquio no Auditorio Municipal do
Concello de Vigo

O próximo venres día 18 de xaneiro a Asociación Psicanalítica de Galicia, ten o pracer de convidalos a proxección e coloquio do filme "A Esmorga"

A película, do director galego Ignacio Vilar e baseada na novela homónima de Eduardo Blanco Amor, é un referente do cine galego. Foi estrenada nos cines de toda Galicia en 2014, e gracias ao grande éxito obtido o film estreouse en toda España.

A asociación Psicanalítica de Galicia, dentro do seu espazo "Cine e psicanálise" en colaboración coa produtora Vía Láctea Films, quere aproveitar este fito da filmografía galega para afondar no coñecemento da "alma humana" e amosar coma os conceptos psicanalíticos permiten pensar as formas máis abxectas do comportamento humano, tan ben retratadas neste film, que perduran invariables a través dos tempos a pesar das modificacións que, sen dúbida, as diferentes formas culturais introducen.

Contaremos coa presenza do director Ignacio Vilar, quen nos poderá explicar ese complexo proceso de transformación da linguaxe escrita á cinematográfica para relatar esta intensa historia que non deixou a ninguén indiferente. Ademais a psicanalista Rosa Roca acercaranos á psicoloxía dos diferentes personaxes e dos fíos que os unen ata un final, non por menos esperado menos catastrófico e ademais cos especialistas Manuel Forcadela e Fernando Meixide grandes coñecedores da película e tamén de Blanco Amor, que enriquecerán cos seus comentarios e achegas a visualización da película.

"A Esmorga é unha traxedia, pero unha traxedia sen heroe. É a traxedia dun suxeito sen escapatoria, sen posibilidade de fuxir nin do peso dunha lei xorda que non atende ao particular, nin da esparrela do gozo. Nesta liña, a metáfora dos pes esnaquizados evócanos os pes de Edipo e tamén a súa imposible escapatoria. O... "eu non sabía" non eximirá nin a un nin ao outro"

Están todos convidados a esta tarde do máis intenso e fermoso cine. Un evento para o deleite non só dos cinéfilos, senón tamén para aqueles interesados no coñecemento do ser humano.

Data: venres día 18 de xaneiro as 18:30h

Lugar: Auditorio Municipal do Concello de Vigo

Entrada libre ata completar aforo